

## NOTA DE PRENSA

Pilar Rojo recibiu, no seu despacho do Parlamento, ao conselleiro Maior, Antonio López

### **O Consello de Contas entrega ao Parlamento a Memoria e os Informes correspondentes ao Plan de Traballo do 2008 (exercicio 2006)**

**Santiago, 29 de xullo de 2009.-** O Conselleiro Maior do Consello de Contas de Galicia, Antonio López Díaz, entregoulle á Presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, a memoria de actividades e os informes elaborados en execución do Plan de Traballo para 2008.

O exercicio obxecto dos informes é 2006, agás o informe sobre axudas a Federacións e Clubs Deportivos, que abranque os anos 2002 a 2005, o informe sobre adquisición de implantes cirúrxicos polo SERGAS, que somete a exame o exercicio 2007 e os informes sobre disciplina urbanística, que analizan os exercicios 2005 e 2006.

A documentación achegada inclúe os seguintes tomos e volumes:

DOCUMENTOS	
<ul style="list-style-type: none"><li>- Memoria anual de actividades do Consello de Contas de Galicia correspondente ao exercicio 2008.</li><li>- Contas anuais da institución referentes ao exercicio 2008.</li><li>- Contas rendidas en 2008 ao Consello de Contas polos organismos autónomos, entes públicos, sociedades mercantís, outras entidades, fundacións, consorcios, universidades, cámaras de comercio e confrarías de pescadores.</li></ul>	
INFORMES DE FISCALIZACIÓN SOBRE O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA:	
Tomo I Vol. 1	Declaración definitiva sobre o exame e comprobación da conta xeral da comunidade autónoma e Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2006
Tomo I Vol. 2	Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ex. 2006
Tomo II	Axudas a Federacións e Clubs Deportivos ex. 2002-2005
Tomo III	Fondo de Compensación Interterritorial (FCI). ex. 2006
Tomo IV	Fondos procedentes da Unión Europea ex. 2006
Tomo V Vol. 1	Conta xeral do Servizo Galego de Saúde: Informe de Xestión ex. 2006
Tomo V Vol. 2	Conta xeral do Servizo Galego de Saúde: Informe Económico-Financeiro ex. 2006
Tomo VI	Concerto Sanitario co Hospital POVISA S.A. ex. 2006
Tomo VII	Área de Contratación do SERGAS ex. 2006
Tomo VIII	Adquisición de Implantes Cirúrxicos polo SERGAS ex. 2007. Anexo comparativo coas Comunidades Autónomas de Andalucía e Cataluña.
Tomo IX	Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) ex. 2006



Tomo X	Instituto Galego de Medicina Técnica (MEDTEC) ex. 2006
Tomo XI	Actividade Económico-financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma ex. 2006
Tomo XII Vol. 1	Disciplina Urbanística. Informe Agregado ex. 2005-2006
Tomo XII Vol. 2	Disciplina Urbanística (Ares – Cedeira) ex. 2005-2006
Tomo XII Vol. 3	Disciplina Urbanística (Cee – Miño) ex. 2005-2006
Tomo XII Vol. 4	Disciplina Urbanística (Moaña – Porto do Son) ex. 2005-2006
Tomo XII Vol. 5	Disciplina Urbanística (Redondela – Xove) ex. 2005-2006
Tomo XIII. Vol. 1	Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2006
Tomo XIII. Vol. 2	Conta Xeral das Entidades Locais, exercicio 2006
Tomo XIV Vol. 1	Informe Xeral das Entidades Locais, exercicio 2006
Tomo XIV Vol. 2	Informe Xeral das Entidades Locais, exercicio 2006

Logo de superar os trámites regulamentariamente previstos, que contemplan, entre outros, a posta de manifesto do anteproxecto de informe aos entes obxecto de fiscalización e a recepción das súas alegacións (coa salvidade do informe sobre a Actividade Económico-financeira das Entidades Públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, que non ten carácter fiscalizador), todos os informes foron aprobados no Pleno do Consello de Contas pola unanimidade dos seus membros.

Toda a documentación atópase dispoñible dende hoxe mesmo na páxina web do Consello de Contas ([www.ccontasgalicia.es](http://www.ccontasgalicia.es)).

### Informes de Conta Xeral

O Consello de Contas fiscalizou de xeito específico as contas correspondentes ao exercicio 2006 das seguintes entidades:

- Conta da Administración Xeral
- Conta do organismo autónomo SERGAS (Informe de xestión e económico-financeiro)
- Conta do organismo autónomo IGAEM
- Conta da sociedade pública MEDTEC

Os traballos desenvolvidos, realizados conforme aos principios e normas de auditoría do sector público permiten declarar que ***a Conta Xeral da Comunidade Autónoma reflicte razoablemente a actividade económico-financeira desenvolvida no exercicio 2006, presentando deficiencias na contabilidade patrimonial e estando afectada a súa representatividade polas salvidades e limitacións sinaladas nos informes de fiscalización.***

### Informes de fiscalización específica

Presentanse tamén os seguintes informes de fiscalización selectiva, previstos no Plan de Traballo de 2008:



- Concerto sanitario co Hospital POVISA, S.A.
- Área de contratación do SERGAS
- Adquisición de implantes cirúrxicos polo SERGAS. Anexo comparativo coas CC.AA. de Andalucía e Cataluña
- IGAEM
- MEDTEC
- Actividade económico-financiera das entidades públicas dependentes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

En aplicación de Plans de Traballo anteriores emitíronse os seguintes informes:

- Axudas e subvencións a Federacións e Clubs Deportivos
- Disciplina urbanística nos concellos costeiros

Quedan pendentes, por atoparse en fase de elaboración, os informes tamén programados sobre a Axencia de Desenvolvemento Rural (AGADER), Confraría de Pescadores e sobre as Fórmulas de colaboración público-privada.



## Rendición de Contas (do exercicio 2007)

### 1. Sector público autonómico:

Entidades	En prazo	Fóra de prazo	Non renderon
Parlamento	1		
Administración Xeral da Comunidade Autónoma	1		
SERGAS	1		
Organismos Autónomos	11		
Entes Públicos	10		
Universidades	3		
Fundacións	51	14	2
Sociedades Públicas	19		
Cámaras de comercio	7	3	
Consortios	2	2	1
Confrarías de pescadores	41	25	1
Outras entidades	2		
<b>TOTAL</b>	<b>149</b>	<b>44</b>	<b>4</b>

En volume aparte (*Memoria e Contas rendidas*) figura con detalle a información anterior.

### 2. Sector público local:

Os datos de rendición de contas das Entidades Locais correspondentes ao exercicio 2006 son os seguintes:

Entidades	Total	CONTAS RENDIDAS		CONTAS NON RENDIDAS A 31-XII-2007		
		En prazo Ata 15 out 2007	Fóra de prazo ata 31 dec 2007	Con defectos que implican non rendición	Fóra de prazo Despois de 31 dec 2007	Non recibidas
Deputacións	4	3	1	0	0	0
Municipios	315	115	64	25	102	9
Mancomunidades	44	7	5	5	7	20
Consortios	27	4	2	4	4	13
Ent. Loc: Menores	9	1	0	3	0	5



Total	399	130	72	37	113	47
(%)	100,00	32,58	18,05	9,27	28,32	11,78